

Día Internacional dos Museos DIM2020

Museos pola igualdade: diversidade e inclusión

Rede Museística da Deputación de Lugo



Museos pola igualdade:
diversidade e inclusión

DÍA INTERNACIONAL
DOS MUSEOS

18
maio 2020



O noso obxectivo é converter os museos nun punto de encontro para as culturas en diálogo, para celebrar a igualdade, a diversidade e a inclusión de perspectivas que conforman as comunidades e o persoal dos propios museos, así como promover ferramentas para identificar e superar os prexuízos no que os museos amosan e nas historias que contan.

A situación excepcional provocada polo COVID19 obríganos a programar para a modalidade virtual, o que non nos debe impedir poñernos a pensar un futuro normalizado diferente, tanto para os museos como para a sociedade en xeral.

Este DIM2020 é diferente. Aproveitémolo para imaxinar un futuro máis igualitario, diverso e inclusivo.

PARLADOIRO DIM 2020

Museos pola Igualdade, a Diversidade e a Inclusión en Tempos de Incertidume

Martes, 12 de maio, de 17:00 a 18:30h

Dirixido a profesionais de museos e de colectivos.

Modalidade virtual

Como poden os museos asegurar a igualdade, a inclusión e a diversidade?

“Nada será como antes”, teremos repetido mil veces mil calquera das asistentes a este Parladoiro DIM2020. É lóxico que neste tempo de incerteza en curso, os museos teñan que seguir unha liña coidadosamente equilibrada pensando, primeiro, na seguridade pública antes de volver dar paso a todo o demais. Mais, indubidablemente, estas institucións non poden deixar atrás os seus principios básicos: estar ao servizo da sociedade procurando a igualdade, a inclusión e a diversidade.

Maite Ferreiro, vicepresidenta da Deputación de Lugo e delegada de Cultura presenta o programa DIM2020 na Rede Museística e inaugura este Parladoiro.

Participan:

Teresa Reyes. Presidenta ICOM España

María del Mar Gaita. Sección de Museus i Belles Arts Museu Krekovic Departament de Cultura, Patrimoni i Esports Consell de Mallorca

Carne Berges. Directora Museo Comarcal de Cervera, forma parte do Grupo de Treball Museus i Gènere

Oliva Cachafeiro. Directora do Museo de Arte Africano Arellano Alonso de la UVA.

Mercedes Mingote. Xefa Sección de Museos Principado de Asturias

Margarida Freire. Dirixente de Dirección Intermedia 3º grau. Municipio de Torres Novas.

Liliane Cuesta. Conservadora Museo Nacional de Cerámica y Artes Suntuarias González Martí.

Patricia Torres. Xefa de Educación Museo Nacional de Arte de Mexico

Carola Casal. Museóloga. Conservadora. Xestora Cultural. Membro da Rede de Estudos Medievais da USC.

Maria Cacheda. Responsable da acción educativa da Área de Monumentos i Jaciments de la Agencia Catalana de Patrimonio Cultural.

Cristina Alonso. Cogami Lugo

Monica Alvarez Presidenta ACADAR Asociación Mulleres con Discapacidade de Galicia

Claudia Torner García. Coordinadora do Programa Apropa Cultura

Ángeles Miguelez. Rede Museística Provincial de Lugo

Coordina: Encarna Lago, xerente da Rede Museística Provincial.

Emisión en directo a través de facebook:

<https://www.facebook.com/redemuseisticaprovincial>

CONVERSAS POLA IGUALDADE

Conversas diversas pola Igualdade, Diversidade e Inclusión nos Museos en tempo de Confinamento

Visitas breves dialogadas na Rede Museística

Calendario: Días 13, 15, 16 e 17 de maio, ás 19:00h.

SON DA ARTE EU... TI... ELAS... SON DELAS

A arte é unha linguaxe poderosa, capaz de facer vibrar os nosos sentidos. É unha forma de expresión que vai máis alá do visible e posúe o poder evocador da memoria. Alguén dixo algunha vez que estamos feitos de historias; os museos tamén.

As coleccións son unha manifestación da condición humana, múltiple e diversa. O DIM 2020 aposta por facer dos museos o punto de converxencia da loita pola igualdade.

A Rede Museística Provincial leva máis de vinte anos implicándose activamente na loita polos dereitos da comunidade, a prol da igualdade e a inclusión.

"Son da Arte" é algo que podemos dicir (eu son) e tamén sentir (eu escoito, eu percibo).

As obras de arte agochan sons e tamén silencios, poden espertar na nosa consciencia melodías esquecidas ou recordarnos cancións que ilustran experiencias vividas. A música será a nosa ferramenta para reivindicar a igualdade e servirá para poñerlle banda sonora a obras de mulleres artistas vencelladas á Rede Museística.

Metodoloxía

En grupo, traballando coas artistas de diversos proxectos da Rede Museística. Cada obra de arte será interpretada en clave sonora polas participantes, irase asociando a cancións da súa memoria que aporten valor e significados diversos ás obras escollidas.

Nas redes sociais da Rede e dos museos integrados 'colgaranse' obras e proxectos de forma diaria e pedirase a quen nos siga que asocien unha canción ou son que lles evoque a peza.

Durante ese tempo irase creando unha *playlist* do confinamento, que será o reflexo de múltiples olladas e de realidades diversas.

Calendario: desde o 12 de maio ao 18 de xuño.

Encontro coas artistas participantes: 18 de maio, ás 19:30h.

MUSEAL-IZÉMONOS no DIM 2020

Durante toda a xornada do 18 de maio proxectaremos achegas de diferentes persoas, preferentemente en vídeo, que reflexionan brevemente sobre o significado e aplicación do lema escollido polo ICOM para conmemorar o DIM2020: Museos para a igualdade: diversidade e inclusión

MUSEAL (a vacina que te inmuniza) e **IZÉMONOS** convoca nesta ocasión a izar, elevar, erguer o ánimo solidariamente e, xunto á confianza en resolver a pandemia canto antes, de paso, facerlles fronte ás desigualdades que aínda asisten.

Proxeccións: 18 de maio, de 9:00 a 19:00h.

A través do dinámico da web, os vídeos renovaranse cada hora, consonte a un programa preestablecido que se fará público.

FEITO PARA TI

Colectivos e residencias

14 de maio, de 16:30 a 19:30h.

NOITE DOS MUSEOS

Sábado, 16 de maio, 23:00h.

Diarios de arte, educación e museos en tempos de covid

CREA O TEU MUSEO/ FEITO PARA TI

Presentación/inauguración: 18 de maio, 12:00h.

EXPOSICIÓN VIRTUAL: *Esquecín esquecerte* (Colectiva de Mulleres)

Inauguración online: 18 de maio, 20:00h.

CALENDARIO RESUME DIM2020

(para que non te despistes)

Luns, 11 de maio	Crea o teu museo (on line)
Martes, 12 de maio	Crea o teu museo (on line) Son da arte... (en redes) Parladoiro DIM2020 (emisión aberto: facebook Rede)
Mércores, 13 de maio	Conversas pola igualdade (on line: 19:00h) Son da arte... (en redes)
Xoves, 14 de maio	Son da arte... (en redes) Feito para ti (16:30h.: on line)
Venres, 15 de maio	Conversas pola igualdade (on line: 19:00h) Son da arte... (en redes)
Sábado, 16 de maio	Conversas pola igualdade (on line: 19:00h) Son da arte... (en redes)

	Noite dos Museos (23:00h.)
Domingo, 17 de maio	Conversas pola igualdade (on line: 19:00h) Son da arte... (en redes)
Luns, 18 de maio	Museal-izémonos (proxeccións de 9:00 a 19:00h: web Rede) Crea o teu museo/feito para ti (12:00h. on line) Son da arte... (19:30h. en redes) Esquecín esquecerte (20:00h. on line)

#DIM2020

#MuseosXIgualdade

Contactos

Museo Provincial de Lugo: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 / info@museolugo.org
 Museo Fortaleza San Paio de Narla: 982 37 51 56 / sanpaiodenarla@museolugo.org
 Museo Provincial do Mar: 982 59 45 72 / museodomar@museolugo.org
 Museo Pazo de Tor: 982 16 55 34 / pazodetor@museolugo.org
 Xerencia da Rede Museística: 699 836 883
xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

